





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.:816**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Beito Lobeira Domínguez, sobre **"a toponimia deturpada e a ausencia da versión en galego na páxina web oficial do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño"**, (publicada no BOPG núm.: 20, do 20 de maio do 2009), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"A Secretaría Xeral de Política Lingüística mantén unha relación permanente coa Oficina das Linguas do Goberno de España, organismo que coordina que a información que difunden os ministerios respecte as formas toponímicas oficiais e promova o uso das distintas linguas de España nas súas páxinas web.

Detectado este caso de erros na páxina web deste Ministerio, a Secretaría Xeral porase en contacto co Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño co fin de transmitirle a necesidade de dar cumprimento ao artigo 10 da Lei 3/1983 de Normalización lingüística, que establece que os topónimos 'terán como única forma oficial a galega'.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Sempre que a Secretaría Xeral de Política Lingüística teña constancia de que se estean empregando na documentación oficial formas toponímicas incorrectas ofrecerá a súa colaboración para substituílas polas oficiais. É un obxectivo deste departamento autonómico o conseguir que o carácter plurilingüe do Estado se recoñeza na práctica da Administración do Estado."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2009

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia